

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tras ver os informes xurídicos emitidos polo asesor xurídico do Concello, con datas do 13 de abril e 25 de maio de 2021.

Tras ver o informe de Intervención, con data do 01 de xuño de 2021, e que existe crédito adecuado e suficiente para o cal existe retención de crédito.

Tras ver a proposta do concelleiro de Lingua, con data do 01 de xuño de 2021, de resolución de Alcaldía de aprobación das bases reguladoras do Concurso de Fotografía “Pontepenedo”, do Concello de Ponteareas.

Tras ver as bases reguladoras do Concurso de Fotografía “Pontepenedo”, do Concello de Ponteareas, asinadas polo concelleiro de Lingua, Fernando Groba Bouza, con data do 01 de xuño de 2021, do seguinte literal:

“BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “PONTEPENEDO”**1. Obxecto**

O Concello de Ponteareas, a través da Concellaría de Lingua, convoca o Concurso de Fotografía “Pontepenedo” coa finalidade de pór en valor os elementos do patrimonio natural de Ponteareas, divulgarlos e fomentar a creación artística a través da fotografía.

As fotografías presentadas, premiadas e non premiadas, poderán ser obxecto de exposición ou de reprodución en calquera tipo de soporte informativo ou promocional propio do Concello de Ponteareas. Non obstante, o Concello de Ponteareas poderá non expor ou non difundir aquelas obras que considere que non acadan unha calidade suficiente.

2. Participantes

Poderá participar neste concurso calquera persoa que sexa maior de idade ou cumpra 18 anos dentro do 2021.

Cada participante poderá enviar ata un máximo de 5 fotografías.



A participación neste concurso comporta:

- A declaración expresa das persoas participantes de que posúen en exclusiva os dereitos de autoría sobre as fotografías presentadas ao concurso e que non cederon os dereitos a terceiros e ostentan en exclusividade os dereitos de autoría e imaxe, polo que queda eximido o Concello de Ponteareas de calquera conflito de publicación ou de utilización das obras presentadas.
- A declaración expresa das persoas participantes de que lle ceden gratuitamente ao Concello de Ponteareas os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, sobre as fotografías, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.
- A declaración expresa por parte das persoas participantes de que quedan informadas e autorizan o tratamento dos seus datos persoais. As persoas participantes poderán acceder, rectificar ou cancelar tales datos, así como exercer o seu dereito de oposición, nos termos establecidos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante un escrito dirixido ao Concello de Ponteareas.

3. Temática

O tema das fotografías son os penedos, pedras ou rochas do municipio de Ponteareas.

4. Características das fotografías

- Terán formato jpg ou tiff.
- Formato apaisado/horizontal, cun tamaño mínimo de 2600 x 1800 píxeles.
- Non poderán levar ningunha marca identificativa do autor ou autora.
- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas.
- As fotografías non foron presentadas a outro concurso.



- As persoas concursantes deben ser as únicas titulares dos dereitos de autoría das fotografías presentadas e teñen que estar feitas legalmente.
- Non se admitirán aquelas fotografías nas que se utilizaren imaxes, ou plaxios de imaxes, doutros autores e autoras ou institucións.
- Excluíranse as fotografías que contiveren algún tipo de connotación sexista, xenófoba, racista ou ofensiva contra as persoas ou as institucións.
- As fotografías orixinais, en caso de reproducirse en calquera tipo de soporte, poden sufrir pequenas variacións por condicións de impresión e para a súa adaptación ao formato do elemento divulgativo.

5. Premios

Para a adxudicación dos premios, valoraranse os seguintes criterios: o impacto visual, a calidade técnica e artística, a creatividade, e a orixinalidade.

Estabelécense os seguintes premios:

- 1.º Premio: 300 euros
- 2.º Premio: 200 euros
- 3.º Premio: 100 euros
- 4.º Premio: 50 euros

6. Orzamento dos premios

O orzamento total dos catro premios ascende a 650,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 2021 / 0 / 33400 / 4802021 / 01 do orzamento do ano 2021 do Concello de Ponteareas.

7. Obrigas das persoas participantes e das premiadas



As persoas participantes deberán autorizar o Concello de Ponteareas a que poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Ponteareas. No caso de que as persoas que se presenten ao concurso non autoricen a comprobación destes datos, deberán achegar os certificados que acrediten que están ao día no cumprimento das citadas obrigas.

As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Ponteareas. Ademais, deberán entregar, no prazo de 5 días, a ficha de terceiros do Concello de Ponteareas, debidamente cuberta.

8. Presentación

As fotografías deberán enviarse como arquivo adxunto dun correo electrónico, ou por wetransfer.com, ao seguinte enderezo de correo electrónico: concursofotografico@ponteareas.gal

No correo electrónico indicárase o seguinte:

Asunto: Concurso de Fotografía “Pontepenedo”

Neste correo enviarase tamén a solicitude de participación no concurso (que se poderá descargar do sitio web municipal), xunto cunha copia do DNI.

O arquivo de cada fotografía deberá levar un título que faga referencia ao elemento patrimonial fotografado e á localización da fotografía.

9. Xurado

O xurado será nomeado pola Alcaldía do Concello de Ponteareas e a súa decisión será inapelábel.

A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa primeira reunión no taboleiro de anuncios e no sitio web do Concello.

En caso de ausencia dalgunha persoa integrante do xurado, poderá ser substituída por outra persoa que para o efecto designe a Alcaldía.

Ao xurado correspóndelle valorar as fotografías presentadas e seleccionar as gañadoras.



A decisión do xurado será inapelábel e mesmo poderá deixar deserto o concurso. O fallo será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas.

O xurado do concurso terá competencia para resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade.

10. Prazo

O prazo de admisión de fotografías abranguerá desde o día seguinte ao da publicación do extracto destas bases, remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 5 de setembro de 2021.

11. Publicidade

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola BDNS, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ponteareas e no web municipal.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse no sitio web municipal.

12. Aceptación das bases e protección de datos

A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado.

As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Ponteareas ao uso dos datos persoais achegados para os efectos do concurso de fotografía.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Ponteareas cuxa finalidade é a xestión do presente concurso. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Ponteareas”.



Con base nas facultades conferidas na lexislación vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras do Concurso de Fotografía “Pontepenedo”, do Concello de Ponteareas, tal e como figuran redactadas e dispor a súa convocatoria.

SEGUNDO. Publicar estas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ponteareas e no web municipal www.ponteareas.gal.

Mándao e asínoa a alcaldesa, María Cristina Fernández Davila

